

AS ÁRBORES DE GALICIA

Adela Leiro, Mon Daporta

Unha árbore é un vexetal terrestre formado por raíz, talo e follas, no que destaca o toro elevado, leñoso e ramificado.

Cada parte dunha árbore ten características propias que serven como sinais para recoñecela e identificala.

O conxunto do toro e as ponlas dalle ás árbores o seu porte característico, a imaxe que permite recoñecelas e distinguilos a distancia.

Outro dos elementos importantes para recoñecer as árbores son as tonas



Castiñeiro



Alcipreste mediterráneo



Salgueiro chorón



Piñeiro manso



Sobreira



Bidueiro



Piñeiro



Eucalipto

As árbores son necesarias e útiles pola súa acción purificadora do aire (consumen dióxido de carbono e producen osíxeno), como reguladores hídricos (reteñen a auga da chuvia e controlan as canles dos ríos e as avenidas) e do ambiente (proporcionan sombra e achegan humidade), crean e enriquecen o solo e protéxeno da erosión grazas ao entramado das súas raíces, actúan de cortaventos para os cultivos, fan de pantalla contra rúidos e radiacións, depuran solos contaminados, crean diversidade, son hábitat e refuxio para a fauna, fan os espazos máis agradables, son fonte de pracer e beleza, e delas obtéñense gran cantidade de produtos útiles, moitos imprescindibles para a vida do ser humano.

En Galicia as árbores ocupan un lugar importante na fisonomía e na economía; son parte fundamental da paisaxe e fonte de recursos polo seu aproveitamento agrícola e forestal. Por iso, este traballo pretende ser un achegamento ao coñecemento das nosas árbores e, ao mesmo tempo, amosar algunhas das máis sobresaíntes.



Serradeiro industrial.

O sector forestal galego, sen incluír a industria de segunda transformación, constitúe un 4,5 % do PIB e xera máis de 40.000 empregos.

Planta xeradora de enerxía eléctrica a partir de biomasa forestal en Allariz.



Casa en Seceda. O Courel.



Parque de Castrelos.Vigo



¡TERRA A NOSA!
Baixo a prácida sombra dos castaños
Do noso bon país,
Baixo aquelas frondosas carballeiras
Que fan dóce o vivir...
Rosalía de Castro "Follas Novas"